DOCUMENTO DE ALCANCE DO ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA 2023-2030

Promotor e órgano substantivo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Expediente: 2022AAE2727

ANTECEDENTES

1 O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 foi aprobado polo Consello da Xunta o 22.09.2016, tras ser sometido ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica.

2 O 06.10.2022 o Consello da Xunta acordou iniciar a tramitación dun novo Plan de xestión de residuos industriais de Galicia para o período 2023-2030.

3 O 11.10.2022 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito da Subdirección Xeral de Residuos no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do "Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2023-2030" (en diante PRIGA ou Plan). Achegaba un documento inicial estratéxico e un borrador do plan.

4 O 13.10.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, establece que os plans de xestión e os programas de prevención de residuos autonómicos someteranse ao establecido na normativa sobre avaliación ambiental (artigo 18.1) e se aprobarán mediante os instrumentos de ordenación do territorio previstos na lexislación de aplicación e cos efectos indicados nela (artigo 19.1).

2 A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

3 Os plans sectoriais deben someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, conforme co previsto no artigo 22.1 da LOT.

4 A LOT establece tamén (artigo 54.2) que o órgano ambiental formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico tras someter o borrador e mais o documento inicial estratéxico a consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

INFORME

1. **Características do plan** (fase borrador)

O PRIGA 2023-2030 constitúe o novo instrumento de planificación para a prevención e xestión dos residuos industriais nos próximos anos en Galicia.

O ámbito de aplicación material do plan esténdese a todos os residuos industriais definidos na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como os resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento, xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal. En consecuencia, involucra a diversos sectores industriais, tendo tamén a consideración de residuos industriais os procedentes do sector sanitario, mineiro ou da recollida e tratamento de augas residuais.

No documento inicial estratéxico consideráronse tres alternativas: a alternativa cero, que suporía continuar co PRIGA 2016-2022; a alternativa 1 consiste en prorrogar o Plan do ano 2016; e a alternativa 2 (seleccionada) é redactar un novo plan.

O PRIGA actualiza o contido do plan aprobado no 2016 para dar cabida ao marco legal actual máis restritivo. Establece como obxectivos estratéxicos (dos que derivarán as medidas a aplicar): avanzar na prevención de residuos industriais co obxectivo de residuo cero; planificar e racionalizar a suficiencia de instalacións de tratamento de vertido, asegurar que a xestión de residuos industriais se realiza na rede de instalacións autorizadas; mellorar e automatizar as ferramentas de recollida de información sobre produción e xestión de residuos industriais; conseguir unha mellor segregación en orixe dos residuos industriais; reducir a contribución do sector da xestión de residuos ás emisións de GEI; lograr a transición ao modelo de economía circular; mellorar a información e capacitación de todos os integrantes da cadea de valor do residuo; e impulsar a innovación en materia produción e xestión de residuos industriais.

O Plan incorpora tamén obxectivos específicos para cada fluxo de residuos, entre eles: reducir a produción de residuos industriais nun 15% en 2025 respecto ao xerado no 2010; diminuír nun 10% a cantidade de residuos perigosos destinada a vertedoiro en 2030 respecto da enviada en 2014; acadar unha reciclaxe mínima do 65% en peso de todos os residuos de envases antes do 31.12.2025 e do 70% antes do 31.12.2030.

O novo PRIGA constitúe o marco de planificación para un eventual desenvolvemento posterior de instalacións de xestión de residuos industriais. Así, o Plan define unha serie de criterios ambientais que deberán terse en conta para a implantación de novas instalacións, aclarando que *non se persegue seleccionar a localización exacta das instalacións nin identificar e valorar os efectos que xeran na súa contorna* (...) *a finalidade*

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

deste documento é de establecer os criterios xerais que deber ser considerados polo promotor á hora de seleccionar o emprazamento idóneo (anexo IV do borrador).

Tamén establece limitacións para o desenvolvemento de novas instalacións en base á capacidade de tratamento do fluxo afectado, para a autorización de novos vertedoiros de RCD´s e de residuos non perigosos, condicións de extinción da autorización de vertedoiros en funcionamento e restricións á entrada en vertedoiro de residuos de fóra de Galicia.

Para o seguimento do Plan prevese establecer indicadores para cada fluxo de residuos e a elaboración de informes de resultados periódicos (con carácter anual a partir do 2025) que recollerán as tendencias na xeración de residuos e o grao de cumprimento dos obxectivos, e en función dos resultados, realizaranse as revisións e actuacións conxuntas necesarias.

2. Consultas previas realizadas

En cumprimento do disposto no artigo 54.2 da LOT, realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste documento de alcance:

	Resposta	Sen resposta
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	x	
Augas de Galicia		x
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo		x
Instituto de Estudos do Territorio		x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)		x
Deputación Provincial da Coruña		x
Deputación Provincial de Lugo		x
Deputación Provincial de Ourense		x
Deputación Provincial de Pontevedra		x
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)		x
Asociación Profesional de Empresas Medioambientais (APROEMA)	x	
Asociación Pofesional de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición de Galicia (ARCODEGA)	x	

Asemade, o borrador do plan e mais o documento inicial estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse os comentarios de varias entidades relacionadas coa xestión de residuos (VIRATEC, ASEGRE, SIGNUS ECOVALOR S.L., AGROAMB e Tratamentos Ecolóxicos do Norte) e da Confederación de Empresarios de Pontevedra.

O promotor deberá considerar na elaboración do PRIGA as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo remitímoslle os textos

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil:

Considera que o plan favorecerá a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) ao reducirse o volume de residuos destinados a incineración e a minimización da necesidade de transporte ata os centros de tratamento.

No prevé que o programa teña algún tipo de incompatibilidade coa planificación hidrolóxica. Non obstante, solicita ter en consideración as seguintes observacións e suxestións ao contido do documento:

- Ter en conta as zonas protexidas incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas[1] á hora de elixir as localizacións adecuadas para as infraestruturas do tratamento de residuos industriais. Tamén pide ter en consideración nesta elección as áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSI).
- Ter en conta en calquera tipo de planificación ou actuación, que ás masas de auga superficial con bo estado o moi bo estado seralles de aplicación do principio de non deterioro (art. 23 PHMS).
- Bota en falta medidas máis concretas en relación á xestión de residuos agrarios como fonte de contaminación difusa, concretamente na xestión de envases de produtos fitosanitarios e de xurro, esterco e restos vexetais fóra da agricultura ecolóxica.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

As novas implantacións evitarán, na medida do posible, a afección ao patrimonio cultural e, de ser o caso, garantirán a súa axeitada salvagarda e unha boa integración e respecto polas características preexistentes de valor. Valórase positivamente o enfoque transversal do PRIGA, no que a variable patrimonio cultural é tida en conta no estudo das diferentes variables consideradas. Non obstante, suxire integrar no PRIGA algunhas medidas adicionais para o desenvolvemento de futuras instalacións de xestión:

- En caso de afección a contornos de protección de elementos do patrimonio cultural catalogados, será de aplicación o réxime de autorizacións e criterios de intervencións que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG; artigos 45 e 46). A LPCG prohibe as instalacións para a xestión de residuos e vertedoiros no ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago (art.78.3) mentres que na zona de amortecemento (art.47) requiren de autorización (agás excepción).
- O PRIGA contempla unha serie de medidas enfocadas á conservación do patrimonio natural, entre elas, criterios respecto da rede de infraestruturas, o establecemento de espazos de transición cara os espazos protexidos, etc. Suxire aplicar estes criterios tamén sobre o patrimonio cultural.

1 Zonas de captación e de futura captación de auga para consumo humano, zonas de protección de especies acuáticas, masas de auga de uso recreativo, zonas vulnerables por contaminación de nitratos por fontes agrarias, zonas sensibles relacionadas co tratamento de augas residuais urbanas, zonas de protección de hábitats e especies, perímetros de protección de augas minerais e termais, reservas naturais fluviais, masas de auga de especial protección polo plan hidrolóxico e humidais da Lista do Convenio Ramsar así como do Inventario Nacional de Zonas Húmidas.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Ademais do patrimonio cultural recoñecido no Plan Básico Autonómico (PBA), lembra que existen Catálogos de bens a protexer noutros instrumentos urbanísticos e de ordenación do terriotrio, patrimonio cultural singularmente declarado, etc.
- En canto ao patrimonio cultural que poida existir e que aínda non se teña localizado, darase cumprimento á determinación 9.3 das Directrices de ordenación do territorio.

APROEMA:

Solicita incluír no plan as actuacións que se levarán a cabo para a consecución dos seus obxectivos e completalo conforme ao establecido pola normativa sectorial reguladora. Con respecto á diagnose realizada, suxire:

- Incluír datos dos residuos en detalle: códigos LER, diferenciar os residuos de produtores e xestores e indicar a porcentaxe de rexeites nos tratamentos de cara a obxectivos de mellora
- Empregar a codificación adecuada para os residuos resultantes da valoración intermedia (códigos do capítulo 19 do LER) de acordo coa normativa e co fin de identificar os fluxos entre un produto e un xestor e os fluxos entre xestores e aplicar o principio de xerarquía a este tipo de residuos
- Realizar unha análise das causas de cumprimentos (ou incumprimentos, no seu caso) dos obxectivos e medidas.
- Realizar un cálculo correcto da capacidade real (non teórica) de xestión de residuos en Galicia indicando a metodoloxía para a súa elaboración.

Na evolución na xeración de residuos propón realizar unha análise por códigos LER de residuos que van a valorización e eliminación e considerar máis opcións de eliminación ao vertido tendo en conta o principio de xerarquía.

Na planificación solicita valorar novamente a proposta de obxectivos considerando a utilización de indicadores promedio e relativos para o establecemento de obxectivos xerais e incluír obxectivos de prevención, subproduto e fin de condición de residuo. Tamén propón desenvolver un plan de acción coa participación do sector que inclúa as medidas a realizar e valorar e dotar economicamente ao plan.

No seguimento, incluír indicadores que contemplen os valores de inicio de referencia do indicador (data e valor) e realizar un informe anual de resultados conforme a normativa (art. 18.5 Lei 6/2021).

En relación ao anexo de criterios de emprazamento, solicita eliminar a limitación de apertura de novas plantas ou ampliación das existentes e se teña en conta que:

- O uso de fontes de enerxía renovables non é un criterio de emprazamento, existindo xa normativa específica que aplica á actividade.
- Non considera adecuado o criterio sobre calidade do aire pois un dos principais aspectos ambientais son as emisións atmosféricas e porque se promove a instalación en polígonos e zonas antropizadas e se restrinxe en entornos rurais.
- Permitir as instalacións de xestión de residuos en espazos protexidos cando o uso estea contemplado expresamente na correspondente planificación.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Se teñan en conta as consideracións que os xestores de residuos podan ter respecto da accesibilidade polo seu coñecemento nos métodos de optimización da recollida.
- Non someter as plantas móbiles ao trámite de avaliación de impacto ambiental cando non o estea a actividade principal á que prestan servizo, pois non son instalacións en si mesmas, si non que forman parte doutra instalación.

Para impulsar o uso de subprodutos suxire crear grupos de traballo con produtores de residuos e xestores para establecer criterios para declaración de subproduto e fin de condición de residuos no ámbito autonómico e que estes procedementos non supoñan un custe desincentivador respecto do seu tratamento como residuo.

Suxire derogar ou modificar da Orde do 20 de xullo de 2009 de construción e xestión dos vertedoiros en Galicia e substituíla polo Decreto 174/2005.

ARCODEGA:

Suxire que os concellos controlen os contedores de obra e ás empresas para unha separación efectiva dos residuos de construción e demolición en obras menores

Respecto dos áridos reciclados, considera fundamental a existencia de documentos técnicos oficiais para o seu regulamento, que dean confianza aos responsables de execución das obras. Informa da existencia dun Regulamento de Certificación de Áridos reciclados, que complementa la Norma UNE 13242 vixente para o marcado CE e suxire a redacción dun prego para uso de áridos reciclados.

Sobre a obriga dos produtores de constituír unha fianza ou garantía financeira considera que é unha actuación executada a través dunha ferramenta elaborada por eles, a cal está usando y aplicando realmente.

Sinala que hai poucos concellos que conten ordenanzas que regulen a prevención, produción e xestión de residuos de construción e edificación sustentable e que é importante para a obtención de datos reais.

Considera adecuados os valores dos indicadores de seguimento, se ben salienta que existe un elevado porcentaxe de instalacións que realizan xestións fóra de canles legais e que existen moitas dificultades para comercializar los áridos reciclados obtidos.

VIRATEC (Clúster galego de solucións ambientais e economía circular):

Sinala que os acontecementos dos últimos anos (pandemia, cambios normativos e non acadarse os obxectivos do PRIGA, entre outros) non poden axudar ao obxectivo de *planificar e racionalizar a suficiencia de instalacións de tratamento e vertido, co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos recollidos na lexislación de aplicación a cada un dos fluxos de residuos industriais contemplados no presente Plan.*

Considera que os datos empregados non reflicten a realidade do sector e que hai erros nos cálculos, polo que cómpre eliminar a limitación ás novas autorizacións ou ampliacións de instalacións, xa que ademais pode desincentivar as inversións en Galicia.

Sinala que na limitación á entrada de vertedoiros de residuos perigosos e non perigosos debe terse en conta a lexislación estatal en materia de residuos e as normas estatais de de libre competencia e unidade de mercado.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Suxire que o plan debería permitir a ampliación dos vertedoiros existentes antes que a autorización de novos emprazamentos en prol do principio de non causar prexuízo significativo e pola posible redución de residuos derivada da aplicación da Estratexia Galega de Economía Circular e a normativa sectorial de residuos.

Mostra preocupación pola limitación á eliminación en vertedoiro dos residuos procedentes doutras comunidades autónomas. Expón que existen poucas instalacións para o tratamento dos residuos industriais perigosos e que ditas instalacións teñen unha capacidade que supera a produción dunha comunidade concreta. Ademais, o borrador non ten en conta a rede nacional de xestión de residuos cuxos procesos de eliminación contribúen á economía circular.

Por último salienta que a produción de subprodutos é clave para a economía circular, polo o plan debería promover o seu uso e establecer mecanismos e criterios de fin de condición de residuo e estudos sobre materias primas secundarias.

ASEGRE (Asociación de empresas xestoras de residuos e recursos especiais):

Bota en falta que o sector da xestión de residuos non fose consultado anteriormente, sobre todo no referido á restrición de novas instalacións ou ampliación das existentes e á limitación do depósito en vertedoiro dos residuos doutras comunidades.

Considera que o plan non debe limitar o traslado de residuos para tratamento noutras comunidades xa que pode afectar á competitividade da industria e a creación de emprego.

SIGNUS ECOVALOR, S.L.:

Suxire intensificar o control e inspección nos talleres para evitar a acumulación incontrolada de pneumáticos fóra de uso (PNFVU) e para asegurar que a selección e comercialización de pneumáticos con segunda vida se leva a cabo por xestores autorizados como establece a normativa (Lei 7/2022 e Decreto 1619/2005).

AGROAMB:

Suxire que o plan recolla expresamente que a prohibición do Regulamento 2019/1009 unicamente alcanza aos fertilizantes UE, non ao resto de fertilizantes non UE regulados polo Real Decreto 506/2013 (apartado 7.10.2 do borrador).

Tratamentos Ecolóxicos do Norte (TEN):

Para os lodos EDAR e industriais (apartado 7.10) propón os seguintes obxectivos:

- Reforzar a obrigatoriedade de someter os lodos a un pretratamento (compostaxe, dixestión anaerobia, estabilización, secado....) que garantan a hixienización do residuo previa aplicación ben para usos agrarios, ben para rexeneración de solos.
- Respecto ao principio de autosuficiencia e proximidade, prohibir o traslado de residuos (lodos EDAR e lodos industriais) a outras Comunidades Autónomas, sempre e cando Galicia teña capacidade suficiente para tratalos.
- Optimizar o número de instalacións e autorizacións de plantas de xestión limitando a autorización de novas instalacións. Se propón actualizar as

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

instalacións de funcionamento e fomentar a ampliación e mellora das mesmas fronte a apertura e posta en marcha de novas instalacións dado o impacto social que producen.

- Fomentar e incentivar o uso de *tecnosoles* na rexeneración de espazos degradados e en obra civil, previa autorización específica do seu emprego.
- Fomentar e incentivar o uso de emendas orgánicas compost en xardinería pública, parques, medianas, autovías, glorietas, etc.
- Campaña de comunicación activa para mellorar a aceptación social deste tipo de instalacións, expoñendo a absoluta necesidades que representan para garantir a saúde pública.

E os seguintes obxectivos para a eliminación de residuos en vertedoiro (apartado 7.17):

- Incentivar ou limitar a construción de novos vertedoiros en zonas degradadas (minas, canteiras...) que minimicen o impacto ambiental inicial derivado dos movementos de terras e outras infraestruturas, aforren custes de construción e garantan a restauración do entorno cunha correcta clausura.
- Dar de baixa automaticamente as autorizacións de vertedoiros que leven máis de dous anos inactivas sen construír, ao non ser capacidade dispoñible real.

Confederación de empresarios de Pontevedra:

Discrepa coa proposta de restrinxir a autorización de novas instalacións ou a ampliación das existentes cando a capacidade actual para o fluxo en cuestión sexa superior ao dobre da media dos últimos cinco anos, salvo excepcións motivadas.

3. Consideracións para favorecer a integración ambiental do plan

O principal obxectivo da avaliación ambiental estratéxica é conseguir unha boa integración dos aspectos ambientais no contido dos plans e programas.

O PRIGA constitúe en si mesmo un instrumento con marcado carácter ambiental, sendo o principal obxectivo deste contribuír á protección e mellora da saúde humana e do medio a través dunha xestión sustentable dos residuos para, entre outros aspectos, favorecer a transición cara unha economía circular e contribuír á loita contra o cambio climático.

O borrador destaca a importancia de reforzar os programas de prevención para cada fluxo de residuos e os programas de xestión, porén non achega nesta fase un avance das liñas de actuación e medidas previstas que permita avaliar os potenciais efectos ambientais.

Tendo en conta a documentación achegada e as suxestións recibidas durante o período de consultas previas, fanse a continuación algunhas consideracións:

Con respecto ás afeccións ambientais que poden derivar da implantación de novas infraestruturas de xestión de residuos, na definición dos criterios para o seu emprazamento deberán terse en conta as distintas proteccións que derivan da normativa ambiental vixente e dos instrumentos de planificación concorrentes.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O borrador incorpora os principais obxectivos a acadar na selección dos emprazamentos, que inclúen, a preservación dos valores ambientais relevantes, incorporar as mellores técnicas dispoñibles, adecuar a actividade á contorna e minimizar os impactos ambientais asociados á construción, explotación e abandono de infraestruturas. Ademais recolle uns criterios ambientais e inclúe consideracións específicas para os vertedoiros e as plantas móbiles. Ao respecto, cómpre sinalar:

- Teranse en conta todos os posibles riscos que poden condicionar a implantación de novas instalacións de residuos ou a súa ampliación. Considerarase específicamente o risco de inundación, particularmente nas áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSIs) aprobadas polos organismos de cunca.
- Ademais dos espazos naturais protexidos regulados na normativa de patrimonio natural, teranse en conta as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) identificadas no *Catálogo das paisaxes de Galicia* e os espazos de interese paisaxístico do *Plan de ordenación do litoral,* así como as zonas protexidas dos plans hidrolóxicos (captacións de auga para o consumo humano, zonas declaradas sensibles, de protección de hábitats ou especies, etc.).
- Considerarase a posible afección a bens de interese cultural e bens do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e os seus contornos de protección, de acordo co establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e normativa de desenvolvemento. Prestarse especial atención á protección dos ámbitos do Camiño de Santiago.
- Tal e como apuntan algunhas das suxestións recibidas, debería afondarse nas características das instalacións existentes e da capacidade autorizada, en especial dos vertedoiros, de cara a establecer con claridade os condicionantes para as novas instalacións e ampliacións de instalacións que contempla o PRIGA.
- A proposta de novos vertedoiros deberá quedar claramente xustificada, considerando as alternativas posibles de acordo coa xerarquía da xestión de residuos e os obxectivos de redución da cantidade de residuos destinados a eliminación que establece a normativa sectorial.

Promoveranse no Plan aquelas medidas que incidan de forma significativa na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e outros contaminantes atmosféricos (art. 15.4 da Lei 7/2022), que deberán ser coherentes coas estratexias de loita contra o cambio climático (art. 12.2 da Lei 6/2021).

Tendo en conta que a Lei 21/2013 de avaliación ambiental esixe considerar o cambio climático na avaliación ambiental dos plans e programas, o PRIGA incorporará unha análise da pegada de carbono e establecerá as medidas adecuadas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático, atendendo á información dispoñible.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Contido, amplitude e nivel de detalle do estudo ambiental estratéxico

Tendo en conta as observacións e suxestións recibidas no período de consultas previas, o promotor elaborará un estudo ambiental estratéxico no que se identifiquen, describan e avalíen os posibles efectos significativos no medio ambiente que derivan do plan, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.

O estudo ambiental estratéxico deberá conter a data da súa conclusión e vir asinado polo/s seu/s autor/es, especificando a súa titulación (artigo 16 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental). Asemade, axustarase no posible aos criterios das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (disposición adicional sexta da LOT), xa que estas normas conteñen as especificacións respecto do formato dos documentos requiridos polo órgano ambiental para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica[2].

De acordo co contido mínimo que establece o anexo IV da Lei 21/2013, e sen prexuízo de que o promotor incorpore outras cuestións que considere relevantes, o estudo ambiental estratéxico deberá conter:

- Un esbozo do contido, obxectivos principais do plan e relacións con outros plans e programas pertinentes;
- Os aspectos relevantes da situación actual do ambiente e a súa probable evolución en caso de non se aplicar o plan;
- As características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de maneira significativa e a súa evolución tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do plan;
- Calquera problema ambiental existente que sexa relevante para o plan;
- Os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan e a maneira en que tales obxectivos e calquera aspecto ambiental se tiveron en conta durante a súa elaboración;
- Os probables efectos significativos no medio ambiente, incluídos aspectos como a ocupación do territorio, a paisaxe, a mobilidade, o patrimonio natural, o patrimonio cultural, o ciclo hídrico, a enerxía, o ciclo de materiais, os riscos naturais e antrópicos, a súa incidencia no cambio climático –en particular, unha avaliación adecuada da pegada de carbono asociada ao plan–, e a interrelación entre estes factores.
- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, compensar calquera efecto negativo importante no ambiente da aplicación do plan, incluíndo aquelas par mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación a el;
- Un resumo dos motivos da selección das alternativas consideradas e unha descrición da maneira en que se realizou a avaliación, incluídas as dificultades, como deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia que se poidan ter encontrado para reunir a información requirida;

2 Artigo 1.2.d) da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento de Galicia.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Un programa de vixilancia ambiental no que se describan as medidas previstas para o seguimento;
- Un resumo de carácter non técnico da información facilitada en virtude das epígrafes precedentes.

5 . Versión inicial do plan e consultas

O promotor elaborará a versión inicial do plan (documento para aprobación inicial) tendo en conta o estudo ambiental estratéxico realizado así como as observacións e suxestións recibidas no período de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 54.4 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, a consellería tramitadora do PRIGA procederá á súa aprobación inicial e o someterá a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, nos boletíns oficiais da provincia correspondentes e no portal de Internet da Xunta de Galicia.

A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico. Toda a información que se poña á disposición das persoas interesadas ou do público en xeral será accesible en formato electrónico[3].

Igualmente, darase audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incida o Plan e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos.

Os informes emitidos no procedemento substantivo de aprobación do Plan entenderase emitidos tamén aos efectos das consultas ás Administracións públicas afectadas previstas no artigo 22 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

6 . Proposta final de plan e declaración ambiental estratéxica

Tomando en consideración os resultados dos trámites de información pública, consultas e audiencia, introduciranse as modificacións ou correccións que procedan no plan tramitado e, se é o caso, tamén no estudo ambiental estratéxico, e elaborarase a proposta final de plan (art. 54.5 da LOT).

Feito o anterior, remitirase ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo para que formule a declaración ambiental estratéxica (artigo 54.6 da LOT e artigo 24.1 da Lei 21/2013), que deberá conter:

- A proposta final de plan (plan para aprobación provisional)
- O estudo ambiental estratéxico
- Un informe co resultado da información pública e das consultas, que describa o procedemento seguido, inclúa unha relación de Administracións públicas e persoas interesadas consultadas -coas datas de solicitude e resposta-, e conteña

3 Artigo 29.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro; artigo 9.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

un resumo das observacións, alegacións e informes recibidos, xustificando como foron tomados en consideración e se integraron na proposta.

- Un documento resumo no que se describa a integración na proposta final dos aspectos ambientais, do estudo ambiental estratéxico e da súa adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e da súa toma en consideración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

(Asinado na marxe dixitalmente)

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral
Data e hora: 07/12/2022 11:44:33

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 07/12/2022 11:14:09

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 08/12/2022 13:54:27

CVE: ry57apq8pgX9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve